



CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo : San Caetano - SANTIAGO - Teléfono 56 41 00 Fax 56 30 02



ASUNTO.: BORRADOR DO DECRETO SOBOR DA OBRIGATORIEDADE DA VENDA EN LONXA DE CONTRATACION DE PEIXES E MARISCOS.

Remítille xunto con este escrito o borrador do "ASUNTO", para que nun prazo non superior ós 8 días, fagan as alegacións que estimen oportunas, debendo remiti-las mesmas a este servizo.

Santiago, 3 de decembro de 1990

**O XEFE DO SERVIZO DE RELACIONES
COAS ORGANIZACIONES PROFESIONAIS**


Asndó.: José Luis Fernández Piñeiro

DECRETO de de 1.990, polo que se desenrola a Lei 2/85 de 26 de febreiro de 1.985, sobor a obligatoriedade da venda en lonxas de contratación de peixes e mariscos ou postos de venda que fagan as súas veces, nos portos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 2/85 do 26 de febreiro de 1.985, de Ordenación da Pesca Marítima en augas da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 7º establece como norma xeral que a primeira venda das especies regulamentadas na mesma, efectuaráanse preceptivamente nas lonxas ou lugares que para tal fin establecerá a Autoridade Competente.

Atopándonos na actualidade sin unha normativa específica pola cal poida desenrolarse esta actividade dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, e co fin de concentra-la oferta, ter controles efectivos de descargas e transparencia de mercado, de acordo ca devandita lei.

DISPOÑO

ARTIGO 1º.- A pesca e marisco desembarcada nos portos da Comunidade Autónoma Galega, obrigatoriamente terá que ser subastada na lonxa ou lugar que faga as veces desta no porto de descarga.



a) As persoas físicas ou xurídicas que presten servizo de venda, antes do día 10 do seguinte mes, remesarán a Delegación da Consellería de Pesca na súa provincia, un parte de vendas do mes anterior, especificando, especies, kilos, precio medio e total así como destino que levou (consumo local, exportación fresco, fábricas de conservas e subproductos, conxelados para carnada ou almacenamentos para outros fins).

ARTIGO 2.- 1) Os lotes que se retiren da subasta por petición do armador ou patrón da embarcación, abonarán as taxas reglamentarias de venda sobor do precio que separara a mesma, agas de que as capturas fosen almacenadas, que as abonarán cando se saquen novamente a venda.

2) No caso de que non procedese ou non se poidera facer a subasta, a pesca ou marisco deberá pasar igualmente pola lonxa para que se determine a cantidade de cada especie desembarcada, así como para que se realicen os restantes controles.

3) No caso anterior, a tarifa portuaria G-4 liquidarase dacordo co disposto na regra terceira da mesma segun establece no seu anexo II o Decreto da Xunta de Galicia 290/1.986, do 18 de Setembro.

4) Asimesmo, a entidade concesionaria da lonxa cobrará ó armador por uso da mesma e control de cantidades, a porcentaxe da tarifa sobre o valor da pesca ou marisco que estableza o respectivo Regulamento da lonxa conforme as condicións da concesión.

ARTIGO 30.— A subasta para carnada realizarase do primeiro lote para todas aquelas persoas que previamente a solicitasen, si este non chegase sacaranse do segundo e así sucesivamente.

ARTIGO 40.— Cando un barco faga suministro de carnada no mar, o patrón do barco abastecedor terá que comunicar na lonxa o nome do barco que abasteceu, kilos e especies.

ARTIGO 50.— Na lonxa poderán mercar tódolos industriais persoas físicas ou xurídicas que teñan licencia fiscal, que figuren no rexistro de compradores da mesma e se adiquen a, transformación, exportación, conxelación, salazón e afumados, así como tamén ós detallistas e ambulantes.

ARTIGO 60.— Sin perxuicio do artigo anterior, as entidades concesionarias deste servizo, poderán esixir os compradores que queiran desenrolar a actividade na súa lonxa, os avales de garantía que estimen oportunos.

ARTIGO 70.— A subasta realizarase a baixa, e para dar comezo a mesma, as especies a subastar estarán expostas no patio de vendas da lonxa, e cando se trate de especies peláxicas, o patrón do barco ou un representante, entregará o lonxeiro unha mostra fiel e abundante da especie a subastar, que quedará depositada na lonxa, para poder comprobar en todo momento a súa exactitude.

ARTIGO 80.— Queda prohibido facer venda algunha dende o mar, por telefonía ou calquer outro medio de comunicación, agas do disposto no artigo 40.

ARTIGO 9º.– As OO.PP. e Asociacións legalmente recoñecidas, que por motivos dos seus plans de pesca retiren da subasta a mesma, abonarán o T% correspondente de lonxa, en base o precio de retirada establecido para cada especie.

ARTIGO 10º.– 1) O finalizar a venda, o lonxeiro ou encargado da lonxa, expedirá unha guía de circulación a cada comprador, indicando na mesma as especies e kilos de cada unha, nome do comprador e destino da pesca.

2) Os vehiculos que efectuen o transporte terrestre da pesca ou marisco, deberán ir provistos da guía de circulación de peixes e mariscos.

ARTIGO 11º.– As persoas físicas ou xurídicas concesionarios da administración da lonxa, serán os responsables de que nelas non se venda peixe e marisco inferior a talla regulamentaria ou en veda, e non reuna os requisitos técnicos sanitarios para o consumo humano, debendo prestar a súa colaboura ós inspectores e vixiantes da inspección pesqueira, cando por estes fora requerida.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.– Os concesionarios de lonxas de peixe nos portos desta Comunidade Autónoma, nun prazo de (3) tres meses confeccionarán o reglamento do réxime interior, o cal unha vez aprobado, polo órgano competente da entidade concesionaria, remitirase a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, para a súa aprobación si procedese. Nas normas básicas do mesmo, recolleranse os seguintes conceptos:



- 1º Horario de vendas.
- 2º Sistema e turnos de venda.
- 3º Efectividade da venda.
- 4º Dereitos e deberes dos vendedores.
- 5º Dereitos e deberes dos compradores.
- 6º Cobros e pagos.
- 7º Rexistro de vendas.
- 8º Comisión de vendas formarana: O Patrón Maior ou Presidente, un lonxeiro e vocales paritarios de armadores, mariñeiros e compradores.
- 9º Funcións da Comisión vendas.

DISPOSICIÓNS FINAIS

PRIMEIRA.- Autorízase os Conselleiros de Ordenación do Territorio e Obras Públicas e de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, para que no ámbito das súas respectivas competencias, dicta-las normas que sexan precisas para a execución do disposto neste Decreto.

SEGUNDA.- Este Decreto entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago, de Outubro de 1.990.

O Presidente da Xunta de Galicia.

Asdo. Manuel Fraga Iribarne.

